

A apertura da Porta Santa novo aliado para o turismo galego en 2016

A nosa comunidade ten unha oportunidade de ouro para bater récords de cifras turísticas e de afortalar un sector crucial para a súa economía antes do Xacobeo 2021

O anuncio do Bispado de Santiago de Compostela de abrir a Porta Santa o próximo 13 de decembro durante 10 meses para celebrar o Xubileo Extraordinario da Misericordia supón unha magnífica noticia para Santiago e, por extensión, para toda Galicia.

Ás connotacións relixiosas e espirituais deste feito únense as turísticas. É innegable o feito de que tras un 2015 récord en cifra de turistas –con máis de catro millóns de viaxeiros ata setembro–, coa celebración do Xubileo da Misericordia as perspectivas para 2016 son moi positivas.

A nosa comunidade ten ante si unha oportunidade de ouro para voltar bater récords de cifras turísticas e de afortalar un sector crucial para a súa economía antes do Xacobeo 2021. Do mesmo xeito supón a posta de largo de infraestruturas culturais e turísticas creadas pola Administración autonómica, como son o novo Museo das Peregrinacións e o Centro Internacional de Acolida de Pelegríns.

Galicia posúe un gran potencial turístico. O valor engadido deste sector é que se entende como unha empresa colectiva na que nada é alleo. O noso valor engadido son as persoas, é a xente, é ese afán que compartimos os galegos de estar no mundo e de que o mundo estea entre nós.

Temos cultura, unha lingua, natureza ou industria xa que a nosa Comunidade é un lugar onde todas as facetas da cultura están en ebulición. Un lugar onde a lingua que falamos 3 millóns de cidadáns permítenos conectar con 250 millóns que son os cidadáns que estamos na contorna da lusofonía.

AS PEREGRINACIÓNS

O turismo relixioso constitúe un dos principais activos e reclamos turísticos de Santiago de Compostela e por extensión de toda Galicia. Do turismo relixioso deriva o feito xacobeo e a

peregrinación que contribúe ao pluralismo cultural, ao diálogo interrelixioso e ao respecto polas crenzas, así como ao desenvolvemento sostible do turismo.

De acordo coas estimacións da Organización Mundial de Turismo (OMT), entre 300 e 330 millóns de turistas visitan cada ano os enclaves relixiosos máis importantes do mundo, e alcanzan aproximadamente 600 millóns de viaxes relixiosas nacionais e internacionais, o 40 por cento deles en Europa.